**Módulo 0. Titorial**

# CREACIÓN E CONFIGURACIÓN DA CONTA DE CANVA

Produtividade e creatividade na nube con Canva





# BENVIDA

Benvidos e benvidas ao curso de Canva, unha ferramenta revolucionaria deseñada para ceibar a túa creatividade.

Canva é unha plataforma de deseño gráfico en liña que permite a profesionais e afeccionados crear deseños impresionantes con facilidade, sen necesidade de ter coñecementos avanzados.

Con Canva poderás elaborar todo tipo de contidos visuais, desde presentacións e tarxetas de visita, ata publicacións para redes sociais e infografías.

Neste curso, aprenderás a aproveitar ao máximo todas as funcionalidades que Canva ofrece para convertéreste nun experto no mundo do deseño dixital.

**Adiante coa túa aventura creativa!**



# CREACIÓN DA TÚA CONTA DE CANVA PARA EDUCACIÓN

Nas seguintes páxinas terás un titorial paso a paso para creares a túa conta de **Canva para educación.**



1

Accede a www.canva.com. Na parte inferior esquerda da páxina podes elixir o idioma.



2

Ao rexistrarte co correo electrónico @edu.xunta.gal, terás acceso a Canva para Educación, unha versión con máis contido e posibilidades ca licenza gratuíta. (Máis información)



**3**

Preme en **Rexistrarse** e selecciona **Regístrate con tu correo de trabajo.** Recibirás un código no teu correo, que deberás introducir para continuar co rexistro. Lembra revisar a carpeta de correo non desexado.






**4**

Unha vez introducido o código, aparecerá unha listaxe de equipos de traballo de colexios e institutos de Galicia. Podes buscar o teu centro, pero non é necesario unirse a ningún para este curso, así que podes premer en **Quizais máis tarde.**



**5**

A continuación, ofrécenos unha proba gratuíta de Canva Pro, a versión de pago. Non a vas necesitar, porque a versión de Canva para Educación coa que imos traballar é equivalente. Preme en **Quizás más adelante.**



# 6

Tamén che ofrecen enviarche recomendacións e novidades. De novo, no contexto deste curso non son necesarias.



# 7

Xa tes creada a túa conta gratuíta. O seguinte paso é obter a licenza Canva para Educación que se mencionou no punto 2. Preme na roda dentada na parte superior dereita **(Configuración)** e diríxete a **Educación -> Docentes y centros educativos** na barra superior.






**8**

Agora, na barra superior preme en **Docentes - verifica tu cuenta.** Baixa pola páxina unhas liñas para que aparezca a barra superior.
Alternativamente, accede directamente a **https://www.canva.com/edu-signup/**.



**9**

Enche o formulario co teu nome e apelidos e co nome, dirección e páxina web do teu centro educativo.



**10**

E xa case remataches.



**11**

Preme en **En otro momento** para non invitar os estudantes á túa clase.



**12**

E, con isto, rematou o rexistro. Só queda facer a configuración básica da conta.



13

Canva pódese utilizar tanto desde o navegador web como a través de aplicacións específicas para Windows, macOS, Android e iOS.

Máis información:

- Instrucións básicas da app de Canva para ordenador
- Empezar a usar a app de Canva para escritorio





# CONFIGURACIÓN BÁSICA DA CONTA

O seguinte apartado do titorial, que podes atopar na seguinte páxina, céntrase na configuración básica da túa nova conta de Canva para educación.



1. Accede á configuración da conta premendo na **icona coa roda dentada** na parte superior dereita ou coa URL https://www.canva.com/settings/.

2. Considera incluír unha foto de perfil e comproba que o teu nome e enderezo de correo electrónico sexan correctos.

3. Selecciona o idioma da túa preferencia. Elixe o tema de Canva (claro ou escuro). Persoalmente, prefiro o escuro.

4. Se vas utilizar a aplicación de escritorio de Canva, activa a opción **Abrir ligazóns na aplicación de escritorio.**

5. Na marxe esquerda, en **Inicio de sesión e seguridade, engade un contrasinal á túa conta.** Revisa e configura as opcións de **Preferencias de mensaxes** e de **Configuración de privacidade** ao teu gusto.

**Iniciar sesión**

**Contrasinal**

Para engadir un contrasinal á conta por primeira vez, tes que utilizar a páxina de restablecemento do contrasinal para que poidamos verificar a túa identidade.

**Módulo 0. Titorial**

# CREACIÓN
# E CONFIGURACIÓN
# DA CONTA DE CANVA

Produtividade e creatividade na nube con Canva

